

A verdadeira personalidade de Rosalía de Castro

Domingo García-Sabell

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GARCÍA-SABELL, DOMINGO (2012 [1986]). “A verdadeira personalidade de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 15-32. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1770>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GARCÍA-SABELL, DOMINGO (1986). “A verdadeira personalidade de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 15-32.

* Edición dispoñíbel desde o 26 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A VERDADEIRA PERSONALIDADE DE ROSALÍA

DOMINGO GARCÍA-SABELL

Real Academia Galega

Rosalía, símbolo e mito

Xa van alá cen anos —todo un século— desde o pasamento de Rosalía de Castro. Cen anos de vida colectiva galega ben ateigados de sucesos de toda caste. Non é pequeneiro, nin moito menos, o das fases que percorreu a sona do noso poeta. Unha sona que pouco a pouco, devagariño, foise tornando nun símbolo e, despois, nun mito.

O símbolo é o que cingue, o que reúne algo antes afastado. Ou algo que, de primeiras, non semellaba ter relación entre sí. “Symbállein” é, en grego, xuntar. ¿E que cinguíu, que foi o que trabou a sona da nosa Rosalía? Sinxelamente, tódolos degaros, tódalas arelas que andaban ciscadas e inconscientes no espírito dos galegos. A presenza da poesía rosaliana convocou ó seu arredor a asamblea variada, complexa, e entón non formulada en verbas de concepto, da devoción e da dignificación de Galicia. Rosalía representou a sazón excepcional para darlle á xente de nós unha eficacia e un valor que ían máis alá de cada unha das compoñentes do pobo galego. E, por eso mesmo, Rosalía otorgounos realidade transcendente, cómpre dicir, realidade que anda por riba de nós mesmos. E, con eso, concedeu títulos de existencia verdadeira á comunidade. “Simbolizou” a súa terra natal. Rosalía foi Galicia, e Galicia foi Rosalía. Velaquí, pois, a xuntanza, o símbolo.

Mais a xuntanza ten, por ela mesma, outra faciana, a saber, a da realización. Intento afirmar con esto que ese símbolo, ese xuntarse de dúas instancias en principio incomunicadas, dá nacemento ó devir histórico. Ou o que é igual: o símbolo tórnase fecundo, cría descendencia, e afírmase na Historia. O símbolo —a xuntanza da arte rosaliana co feitío comunal— queda, desde tal intre, transformado en fenómeno operante, en actualidade cronolóxica. En feito concreto. Primeiro foi, pois, unha vivencia: a dos maravillosos versos do poeta. Despois, unha idealización: a do poeta convertido en figura do seu pobo, e o pobo convertido en corpo do poeta. E, finalmente, prodúcese a toma de conciencia da colectividade para dar paso ó seu autocoñecemento e, desde el, tentar realizalo na vida cotiá e na existencia da arte.

Esto, polo que fai a Rosalía como símbolo. Pero, con todo, aínda hai outra Rosalía. ¿Cal? A do mito. Quero afirmar con esto que Rosalía xustifica o plano da existencia comunal a favor da intuición, da participación, e da forza comunicadora do amor. Ou o que é o mesmo: do que certos tratadistas denominan “a experiencia míti-

ca". Nesa clase eles colocan a creadores que van desde Stephan George ata Rilke. E un escritor da altura e da sutileza de Hermann Broch pensa que toda a historia da literatura europea pode ser resumida nesta fórmula: "vivir do mito e retornar ó mito". Pois ben: Rosalía arrinca do mito e volta ó mito. Rosalía é a facilitadora do mito. A partir de aí, ela mesma queda convertida nun mito. Rosalía, por eso, representa a instancia da que se parte e, ó mesmo tempo, representa a instancia á que se regresa. E de aí que unha e outra vez se teña producido —e siga a producirse— unha dinámica especialmente notable, a saber, que sempre partimos de Rosalía —e esto é inevitable por multitude de razóns que agora non podo expoñer— e, cando nos decatamos, estamos de novo no eido de Rosalía. Naturalmente que me non refiro ós modos estilísticos do poeta, senón ós modos existenciais.

Por eso sempre estamos dando voltas a idénticos sentimentos. O pulo de Rosalía obríganos a camiñar para diante e, simultaneamente, purra de nós cara o pasado. Así nace a forza creadora dos pobos. Nesa randieira temporal cando atina a ata-la tradición coa innovación, a conservación coa creación. Aquí anda, patente, o símbolo e o mito de Rosalía para inxectarnos enerxía de seu. Rosalía, desde a súa obra, está a crear en nós o pulo preciso para da-la paseata capaz de albisca-las orixes e, a final de contas, para organizar vivencialmente a paisaxe nativa. Porque se trata dun proceso de descubrimento, é polo que no modelo rosaliano anda decote misturado, con presenza concreta ou con intuición apenas incoada, a posibilidade da plenitude. Esta plenitude pola que todos nós, uns e outros, suspiramos día tras día.

Deste xeito, xa podemos afirmar que Rosalía gasallounos cos comezos. E, con eles, tamén nos entregou o rego, a canle que conduce ás realizacións futuras. As orixes —que a cantora representa— son certamente nebulosas —e por eso son orixes—. A plenitude é inalcanzable —e por eso é plenitude—. Entremedias, estamos nós. Nós, tódolos galegos, sen distincións. Os unidos no símbolo. Os xustificados por Rosalía. Pero cunha condición. Unha condición que si resulta doada de realizar: que sexamos auténticos. A autenticidade, tan pateticamente presente na obra do poeta, é o norte que pode e debe servirnos de guieiro nesa canle, nese rego polo que devalan as nosas arelas e as nosas obras.

E por esto, por todo esto, é polo que o esforzo rosaliano ten fartura e ten presenza. Esa fartura e esa presenza sómo-los demais, quero dicir, os galegos, os homes de Galicia.

Xa cen anos da morte de Rosalía. E velaquí como ela bule entremedias de todos nós. E velaquí como ela se sostén a sí mesma, no traballo dos demais. "O que os poetas fundan, esó é o que permanece", reza o verso de Hölderlin. Rosalía, símbolo dos galegos, fundou o mito. Foi ela o seu propio e específico mito. E por eso ela permanece. Con ela, resiste a existencia de Galicia. Con ela cobra corpo de seu Galicia. Con ela, esa existencia dura. E durará.

* * *

Coido que todo o que queda exposto era necesario, urxentemente necesario. ¿Por que? Pois porque moitas ocasións, ás veces con cega insistencia, outras con es-

traña querencia polo exhibicionismo, téñese falado da desmitificación do poeta, do noso grande poeta. (O perigo de confusión medra porque, derradeiramente, tamén se estende a teima desmitificadora a outras figuras sobranceiras e xa esvaecidas da nosa verdadeira cultura).

Se o mito se entende dun xeito superficial, ignaro, e sen fondura, ben está. Pero se polo mito —e polo símbolo— se entenden realidades de indiscutible transcendencia e de sumo rigor, entón as cousas cambian. Claro está que desmitificar pode consistir en botar abaixo unha sona, ou unha efectividade, artificiais. Mais entón, acontece que, por ser sonas e efectividades arbitrarias, xa non cómpre o proposto labor de dismantelamento antimítico. Para acadar categoría de mito —ó menos en literatura, e na Arte en xeral— é necesario abrochar nunha soa persoa os caracteres de autenticidade, de fecundidade e de novidade cáseque absoluta. E, nesas circunstancias, o mito xa posúe outra significación na que non pode entrar a coitelada demagóxica e irresponsable da desmitificación. Pois unha cousa resulta evidente e absolutamente innegable: a dimensión creadora do noso poeta. Hai xa tempo que Herbert Read ten avisado sobre o emprego abusivo da verba “creación”. Con todo, e duns anos a esta parte, semella que escomenzamos a ter ollada máis sutil en canto ó momento en si mesmo da creación, en canto ó seu escuro e maravilloso proceso. Os traballos de Behn, de Heyde, de Goldammer, de Winter e de Sacherl, teñen contribuído de maneira decisiva ó esclarecemento de tal misterio. A creación constitúe unha totalidade ateigada de sentido —lembrémo-las ideas do vello Pfister— e esa totalidade preséntase pechada sobre si mesma —“Geschlossenheit”— con auténtica unicidade, segundo Winter. Pois ben, dentro desa dinamicidade creadora en xeral, a da obra poética, como vivencia, “patentiza ó poeta un tirón —“Zug”— da vida”, en palabras de Dilthey. E agora vén o importante, ou máis ben, o decisivo: con ese tirón o que se fai é servir a un novo e máis amplo entendemento da existencia. O proceso creador de Rosalía serviu, e serve, para que nós, os que non temos esa capacidade suscitadora de inéditas realidades, cómpre dicir, os que non somos poetas, elevémo-lo sentido último da existencia individual e da existencia comunitaria. Como vemos, o intento desmitificador queda extramuros da operatividade, na criatura humana, da obra rosaliana.

O outro símbolo e o outro mito

Téñese dito, e con sobrada razón, que Castelao é a outra grande figura transcendente na Galicia da cultura e na Galicia do todo o seu ser espiritual. Tamén Castelao tivo, pola súa obra e pola súa vida, poder abondo para provoca-la xuntanza, sequera en moitas sazóns fose soamente dun xeito ideal, das criaturas galegas. E tamén desde aí foi quen para suscitar “a experiencia mítica”. Castelao, pois, era, e é, símbolo e mito.

O que acontece, é que ambas instancias non están obrigadas a presentar, cando pasan dunha persoa a outra, idéntica faciana. ¿En que consiste a diferenza? Vaiamos por partes. En primeiro lugar, debemos ter en conta que toda obra de arte escomenza

por unha inquisición. Toda realidade creada, cómpre dicir, inédita, é o resultado dunha pregunta. Pero a pregunta —ou as preguntas— teñen, pola súa banda, perímetro distinto, alcance diverso. As preguntas de Rosalía eran preguntas perforadoras. Preguntas que dimanaban de experiencias vitais básicas. A morte, a desgracia, a inxusticia, a miseria, así, en abstracto, eran o feixe de incógnitas que a Rosalía desacougaban. Mais tales preguntas arrincaban da propia comunicación coa vida. Da propia con-vivencia co mundo e cos que nel habitan. Eran, pois, inquisicións *antes experimentadas*. Non viñan expostas polo resultado de lecturas, ou de vocacións metafísicas máis ou menos inxenuas. Non. Eran, finalmente, reaccións. Reaccións ineludibles, súpetas, e infrenables reaccións. (E por aquí, por este costado, xa asoma unha das características antropolóxicas da cantora. Máis adiante será o momento da explicitación detallada).

Evidentemente, lado con lado desas tomas de posición inquiridora e anguriente, o poeta pescuda nos eidos concretos da vida comunal. Agora, endemais da inxusticia, ou da pobreza, agroma o problema do idioma, tan desprezado e tan a punto de esquecemento. E tamén, o problema do abandono do pobo, da explotación do pobo, da ignorancia do pobo. En rigor, pode afirmarse que estas cuestións se por necesidades expositivas e metódicas as consideramos como secundarias, non é que, no fondo, o sexan. O que resulta interesante, e sumamente revelador, é que o aparentemente subsidiario non o é na intimidade do espírito creador de Rosalía. O transcendente e o concreto e cotián cónguese na obra da cantora ata tal punto que moitas veces resulta difícil discerni-lo que nun poema é inquedanza ontolóxica do que é amargueiro e protesta pragmáticas. Rosalía resulta, por ende, algo así como un sutil e sensible resoador da posición da criatura humana no mundo. Posición que arrinca dos costumes, ou do traballo humilde e rubindo pasenñamente chega ás dúbidas e ás contradicións máis potencialmente especulativas. Pero teñamos coidado co que dicimos. A especulación rosaliana non é buscada nin formulada polo poeta como tal especulación. Mais ben brota, incontenible, dunha sima escura e ameazadora na que de sempre viviu asolagada a intimidade de Rosalía. E nela se queda.

¿E Castelao? Castelao, resulta clarísimamente atado polas efectividades da vida de tódolos días. Polo que acontece no horizonte da vida comunal galega. E entón, cunha finura receptiva e unha increíble capacidade de apropiación do que ve e do que palpa, vai el facendo a súa obra. Castelao non formula preguntas, e moito menos aquelas que poidan levar, consciente, ou inconscientemente, ás alturas da visión metafísica. Castelao dá fe de vida. Dá testemuño. Rexistra un e outro, e máis outro, os sucesos do seu arredor. E o sucedido pode estar tanto nun dito dun labrego como no espectáculo maravilloso da paisaxe nativa. Pouco a pouco, e desde ese ollar como en panorámica, van xurdindo os problemas. Á gracia da lingua vai segui-lo problema da lingua. Ó humorismo lúcido do paisano vai segui-la protesta do paisano. Dese xeito nacerán despois as teorizacións. Sempre, ou cáseque sempre, de caste socio-política. O testemuño denunciador de Castelao é a consecuencia da súa participación contempladora e actora na vida comunitaria de Galicia. Coas súas fondas tristuras e coas súas balbordantes ledicias.

Así, pois, os vieiros dun e doutro símbolo entrecrúzanse. E, dese modo, compoñen entre os dous a faciana farturenta e complexa da nosa terra. Castelao amosa. Si-

nala co dedo. Acusa. E fai programas. Rosalía berra. Axítase. Vai para os cumes da existencia. E dissolve tódalas súas aprorías nos versos, nas palabras. Usener ten dito que “as palabras pensan por nós”. Rosalía podería afirmar que “as palabras berran por nós”. E Castelao que “as palabras testemuñan por nós”. Sentir e testemuñar. Dous xeitos ben galegos de encara-la vida e as súas incomprensibilidades. A vida e as súas disparatadas contradicións. Velaquí, para rematar, o que pode considerarse, segundo eu penso, como a randieira existencial dos dous símbolos e dos dous mitos máis operantes, hoxe, na alma dos galegos.

A pregunta pola persoa de Rosalía

Se, pois, Rosalía representa simbolicamente e miticamente o fondo ser de nós mesmos, o que agora cómpre é face-la pregunta pola propia cantora.

Moitas e moi diversas, e moi valiosas, son as preguntas formuladas sobre o poeta. E moitas e moi variadas, e valiosas, teñen sido as respostas. Agora ben: se deixamos de lado todo o que constitúe pescuda científica, ou indagación erudita, a penas si dispoñemos de algo máis para poder enxuiar a Rosalía. Sabemos todo o que hai que saber, e moito máis, sobre a obra. Xustamente este Congreso Internacional vai render, estou seguro, froitos ben madurecidos, e ben fecundos, no terreo da análise pormenorizada da obra rosaliana. Tamén coñecemos, con datos abondo, detalles e máis detalles arredor dos diversos avatares biográficos que se trezaron no seu percorrido vital. Sabemos onde naceu, e en que circunstancias. Sabemos como se criou. Sabemos do casorio, dos fillos. Da última doenza; (e eu teño no meu poder o diagnóstico e o tratamento prescrito polo Dr. Teixeira do tumor que acabou coa existencia da cantora. Diagnóstico e tratamento, por certo moi correctos, se temos en conta a data en que foi escrito). Por saber, e esto resulta altamente notable, os eruditos mesmo teñen averiguado a habitación na que Rosalía foi enxendrada. Se a todo isto engadímo-lo escándalo da súa ilexitimidade, semella que xa dispoñemos dunha imaxe nidia e ben perfilada do poeta.

Pero, con todo, o que interesa, o que a min me interesa, é outra cousa, a saber, esta: ¿como era Rosalía? ¿Como era ela mesma, á parte deses factores biográficos? ¿Que pensaba? ¿Que era o que constituía o fondo último da súa alma sufridora e ergueita? Se toda criatura humana, como adoita dicirse seguindo a un filósofo alemán, é unha mistura de azar, destino e carácter, ¿cal era o carácter de Rosalía? Porque o destino e o azar ben á vista están. Pero non sucede así co carácter. E por eso podemos afirmar, sen sombra de dúbida, que de Rosalía coñecemos bastante ben a súa biografía, pero descoñecemos-la súa existencia. Ou o que é o mesmo: as súas dinamicidades espirituais.

Evidentemente que nesas dinamicidades —o carácter en xeral— haberá de atoparse, unha e outra vez, o entramado da vida cotiá do poeta. Nunca é posible afastar do transcendente o que forma a súa fontenla orixinaria, esto é, a vida de tódolos días. Endemais, tampouco é facedeiro separar das preguntas radicais de Rosalía o contido

da propia obra. Aínda máis: nesa obra acocharán, non ten volta, as claves aclaratorias do problema de Rosalía como ser humano.

E, finalmente, teremos que lembra-las constatacións de que dispoñemos sobre o poeta de persoas que no seu tempo a coñeceron e a trataron. Aludo con esto, de xeito moi especial, á súa filla D^a Gala á que tiveron a sorte e a honra de coñecer e falar con ela antes do seu pasamento, no ano 1964.

Por tanto, o que eu pretendo é levar a cabo unha especie de pescuda fenomenolóxica sobre a esencia humana de Rosalía. E, como en toda boa tarefa de índole fenomenolóxica, terei de poñer entre paréntese determinados factores de xeito que non estorben nin tolden a presenza efectiva do bulto humano do poeta. Os saberes biográficos serán a penas un apoio, nunca unha cousa decisiva. ¿Por que? Porque é preciso fuxir do tópico que ve a Rosalía asoballada, entre outras cousas pola súa torcida nacencia, como unha muller constituída para chorar. Como unha especie de melancolía e laio continuos. Como o loito, a pesadume, e a tristura definitivas. Penso que todo isto é, no mellor dos casos, esaxerado. A esaxeración leva á caricatura. Na caricatura —patética caricatura— estamos vivindo. Xa sei, xa, que hai un verso tremecente no que ela, sen reparos, di: “Toda a chorar me matéi”. Sí. Sen dúbida, toda a chorar se matou. E non unha soa vez, senón moitas. Chorou a oito. E aínda podemos sentar que no seu planto ten ela asolagado en bastas sazóns. Pero, con todo, ese chorar deitaba de raiceiras que, pola súa fondura e pola súa transcendencia, sobrepasaban as cercas de planto sentimental. Foi o seu un planto froito da desesperanza ontolóxica. Da impenetrabilidade fosca do mundo de arredor. E, por eso mesmo, as bágoas non xurdían para inspirar compasión. Non foron bágoas de complicidade. Foron bágoas de soedades destinadas a aclaralo misterio da realidade, a amolecelo, a tornalo intelixible. Foron o trabuco que o poeta pagou ó sumerxirse na mouramia da existencia. No túnel da vida, no que nada se ve nin nada se escoita. O chorar de Rosalía queda a mil légoas do chorar cotián. Era, pois, outra cosa, ¿que cousa? Imos penetrar no seu segredo, axiña, e xa sen máis requilorios.

Ten afirmado Emmanuel Lévinas que “a realidade pesa moito”, (“pése lourd”). E que “o peso do horizonte das cousas é a súa riqueza”. O peso das “cousas” que constitúen os poemas rosalianos é a súa fartura. E, como diría Merleau-Ponty, “a carne do mundo”, (“la chair du monde”). Para nós, criaturas galegas, eso que tanto aploma sobre os nosos ombreiros cando lémo-los versos da cantora, o horizonte que delimita a nosa atención cara o mundo, cara “a carne do mundo”, é o último segredo da arte rosaliana. E o segredo, a oculta cifra, radica en dous libros fundamentais: “Cantares Gallegos” e “Follas Novas”. (Non pode nin debe esquecerse “En las orillas del Sar”, obra en castelán que, ó meu ver, ocupa un lugar intermedio entre aqueles dous. “En las orillas del Sar” ven sendo algo así como a zona morna entre a delicadeza dos “Cantares” e o drama de “Follas Novas”. Non vou agora determe aquí). Interesan sobremaneira os poemas na nosa lingua por razóns evidentes. E, moi en primeiro termo, porque na nosa lingua atopa Rosalía canle auténtica da súa mostración existencial básica.

Os “Cantares Gallegos”

Velaquí un libro que, de entrada, soamente ten un propósito reivindicativo. En definitiva, de dúas instancias: os costumes do pobo, xa no seu tempo decididamente adulterados, cambiados, e erosionados. E a lingua. Entre ambas cuestións fórmasse para Rosalía o espírito comunitario, “o verdadeiro espírito do noso pobo”, lese no Prólogo da autora. Así, pois, para que esa reparación —e tamén un inicio de resurrección— gañen eficacia demostrativa precísase obxectivalas radicalmente. O poeta camiña, entón, por vieiros que son coma cadros, coma paisaxes nas que a vida de Galicia aparece “realizada”. Todo esto equivale a dicir que Rosalía, no fondo, a penas participa no que canta. Engádese ó cantar, dálle pulo expresivo, eficacia mostradora. Pero de aí non se pasa. Por eso resulta sumamente revelador o que a cantora estampa no Prólogo. Esto: “Puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo, e penso que o conseguín en algo... Si ben dunha maneira débil e froxa”. De primeiras, esto da “maneira débil e froxa” prodúcenos, cando menos, sorpresa. E, se se me apura, desnorte. ¿Rosalía escribindo algo feble e frouxo? Coido que o reparo, tan auténtico, como todo o que di a cantora, obedece a unha causa fonda. ¿Cal? A da non participación. Rosalía, decote extremada, non queda satisfeita polos achádegos líricos, aínda que estes sexan de moi elevados quilates. Rosalía necesita sempre participar, cómpre dicir, con-vivir. Aínda máis: sentir, de tal modo, que o experimento atinxa ós fondos inefables da alma contempladora. E, por descontado, este non é o caso de “Cantares Gallegos”.

Pero antes de seguir adiante, debo deixar constancia do seguinte: os poemas do libro —non participantes no sentido radical da verba participación— son sinxelamente magníficos. E, o que máis importa: son auténticos. O que acontece é que hai moitas clases de autenticidade. Eu podo participar en determinados sucesos da existencia, e mesmo sentirme fondamente conmovido por eles, sen que, de todas formas, eses sucesos callen na nódoa íntima que forma a capa última da miña intimidade. Podo comprometerme só ata certo punto. Aquelo de “saber ata onde un pode chegar demasiado lonxe” é unha verdade innegable que non impide, nin moito menos, as virtualidades da creación artística. Rosalía soubo, en “Cantares Gallegos”, ata onde podía chegar demasiado lonxe. E chegou.

Dito doutra maneira: a creación poética dos “Cantares” é verdadeira. E a proba está en que aínda hoxe nos conmove a turra da nosa aquiescencia a pesares do tempo que rillou nos costumes e na estrutura obxectiva da sociedade campesiña. Intento afirmar con esto que a nosa conmoción non dimana dunha difusa e soñada nostalgia. O milagre dos “Cantares” radica en que os seus protagonistas bulen entre nós, viven, teñen presenza de seu. Aquelo que os suscitou xa ten esvaecido cáseque de todo. Ou sen cáseque. Pero o estremecemento que produciu a forma poética, velaí que aparece, forte, enérxico e actuante, con forza actual nos recunchos do noso espírito. Os “Cantares” son presente sen deixar de ser pasado. E esa é a marca indeleble da súa fermosa autenticidade.

Poñamos un exemplo. O da solteiriña que pide marido a San Antonio. Naturalmente que este rito non posúe, hoxe, a penas vixencia. ¿Hai, por ventura, unha soa rapaza que se axionlle diante do Santo casamenteiro para pregar casorio? Penso que non. E, nembargantes, escoitémo-lo poema:

“San Antonio bendito,
dádeme un home,
anque me mate,
anque me esfole.
Meu Santo San Antonio,
daime un homiño
anqu’o tamaño teña
d’un gran de millo.
Daimo meu Santo,
anqu’e os pes teña coxos
mancos os brazos”.

¿Qué é o que nos produce o sorriso, na gracia, na levidade, na elegancia e na inxenuidade destes breves versos? Algo que xa non ten efectividade. Pero o que deles deita, eso, a gracia da sinxela petición, velaí está, viva, presente, a facernos compañía na nosa lectura.

E aínda máis. Lembremos o poema no que a Virxe aparece ó neno que queda só no fogar porque os seus pais van fóra, traballar no campo. A Virxe láméntase de que ela, anque quixese, non pode dá-la teta ó meniño menesteroso. E o poema remata con estes dous tremecentes versos:

“Mais ¡hay que noite che agarda!
Mais ¡hay que noite te espera!”

Agora aparece ante os nosos ollos outra cousa: a premonición dun posible conflito. A premonición dun inmediato drama. E tamén aquí estamos en presenza dunha realidade. Dunha realidade abondo escura que, eso sí, xa non pode nin tan sequera considerarse como nostálgica. Pois esta realidade, por desgracia, pode, e é, certa, na actualidade na que vivimos.

Non ten volta que Rosalía reacciona sempre. E tanto se o acontecido é trágico, como se é ledo, ou o mesmo: banal. Vibra unha e outra volta Rosalía. Graves tratadistas —en especial Bodenheimer— teñen esculpado na dinámica pola que, de sutaque, a inspiración do poeta alumea un anaco da realidade en torno. É o que el, e outros máis, denominan “a chamada”. Pero que para eles arrinca decote dos rebumbios do mundo de arredor. Eu penso que sen negar tal aserto, estaremos obrigados a introducir, nesa sutil caracterización da “chamada” da realidade, a “chamada” que resoa desde dentro da alma do artista creador. Pois o que desde dentro do poeta xorde con necesidade fatal, eso é tan realidade como o pode ser unha fermosa paisaxe, ou un engaiolante perfil feminino. É evidente que a resoancia do que encirra o poeta —o “eco”— ven obrigado a se corresponder exactamente coa estrutura vivencial do que apela, do que invoca. O xogo das súas instancias, o seu harmonioso artellamento é o que produ-

ce o poema verdadeiro. No caso de “Cantares Gallegos” esa interacción é perfecta. De aí a súa perdurabilidade. E cando o noso mundo chegue a ser un mundo absolutamente tecnificado, os degaros da solteiriña, ou a inqedanza da Virxe continuarán a exercer sobre nós o asoballo da súa presenza.

Así, pois, e para non esquecermos da liña argumental que leva esta miña disertación, teremos de considerar a chamada, a invocación, como xurdida do mundo entendido como factor telúrico inmediato, e nada máis. Quen invoca é a Galicia inxenua. Quen responde é Rosalía. A resposta chámase “Cantares Gallegos”.

A rede existencial de “Follas Novas”

“Follas Novas” é un libro distinto. É, no senso máis estricto, un asulagamento do poeta nas tebras e as complicitades do seu mundo interior. O entramado dos poemas revela, se se atina a ollar con mirada profunda, unha intimidade feita de contradicións, de calexóns sen saída, de auténticos vieiros choídos, de súpetos lóstregos alumeadores, de dramáticas vivencias, e de intuicións sobrecolledoras.

¿Que quere dicir todo esto? Todo esto quere dicir, simplemente, que Rosalía estaba en posesión dunha personalidade ricaz, orixinal e tan fonda que nalgunhas sazóns —as máis fermosas de todas— resultan inexpresables fóra do recanto recoleito dos propios versos. Cousas son elas, que me atrevo a supoñer, con frecuencia nin a mesma autora chegaba a se decatar da radicalidade da propia, da específica experiencia vital que nela estaba a rillar unha e outra vez. Recordémos o que Wittgenstein perfilaba a propósito dun poema de Uhland, nunha carta ó seu amigo Engelmann: “Pero o inexpresable será *inexpresablemente* contido no que foi expresado”. Así, dese modo, está expresado, en “Follas Novas”, o inexpresable.

Entendido o que veño de afirmar desde a perspectiva antropolóxica, equivale a suliñar, a soergue-la enigmática, a revolta estrutura da intimidade rosaliana. E eso, xustamente eso, é o que concede á obra que comento a máxima dimensión metafísica, a meirande palpitación transcendente. O campo de forzas do espírito da cantora vai, pois, descubrírnos unha imaxe específica en nada conforme coa imaxe ata agora admitida. Nunca me gustou a min o sambenito de “chorona”. Por idénticos motivos non remata de serme grato o calificativo de “santa”. E eso con independencia das fortes virtudes particulares que, sen dúbida, adornaban a Rosalía. Paréceme que os valores como “chorona” e “santa”, endemais do seu cheiro sentimentalóide, que xa non importaría demasiado, obturan, toldan a recta comprensión da farturenta criatura humana que se chamou Rosalía de Castro. E, na medida na que a tornan opaca, empobrecen nela.

Moi en esquema, o entramado existencial do poeta pode ser aclarado ó socaire destes datos: 1.— A incomprendibilidade. 2.— O odio. 3.— A vivencia relixiosa. 4.— As ocultacións. E 5.— A radicalidade reaccional.

1.— *A incomprendibilidade*.— Rosalía é, primariamente, unha desnortada. Como

todo ser extremadamente sensible, como todo gran intuitivo, cando lanza a ollada para si mesma, e para o seu arredor, atópase con que a realidade non é racional. E aínda: que a realidade está máis alá de todo o racional. ¿Por qué? Pois sinxelamente, porque os problemas que o mundo e as criaturas humanas suscitan, os problemas cos que a ela a aguilloan, antes de constituír eso, un problema, unha cuestión, constitúen unha lanzada que se lle crava no máis fondo da sensibilidade e no máis fondo do corazón. Primeiro son problemas que a alma recibe. Despois, son problemas que o intelecto tenta resolver. E como non o consegue, o poeta volta as retinas cara o interior de si mesmo e entra en vibración cáseque inefable. Os problemas, invocan. Rosalía, responde. Pero responde con interrogantes que, pola súa banda, son tamén problemas. Pechada nese círculo endiañado, a resposta ten todo o aire dun berro que está a punto de facerse inarticulado. É o inexpresable inexpresablemente contido do que é expresado.

Así, enceta as súas dúbidas partindo do enigma do propio corpo. ¿Por qué o corpo se me rebela? ¿Por qué se alporiza? ¿Por qué non son quen a domealo? ¿Por qué teño de ofrecerlle entregada servidume?:

“Este barro mortal qu’envolve o espírito
¡Quen-o entenderá, Señor!...

Entón o corpo, e con el o espírito —outro enigma insoluble e fero de controlar— van constituírse en carga pesada e ineluctable, en compañeiros inevitables, ou como hoxe diría un antropólogo clínico, en “camaradas itinerantes”, en doenzas que piden inutilmente, curación.

Eu só non digo nada,
Eu só nunca suspiro,
Qu’o meu corpo de terra
Y o meu cansado espírito
A donde quer qu’eu vaya
Van conmigo.

Mais se as dúas capas que forman a individualidade de cada quen, son dese xeito, tampouco resulta entendible a realidade da morte. Ou mellor aínda, a virazón absurda que fai dun ser vivo, unha cousa inerte, un obxecto frío, indiferente, e entregado á corrupción total. A cousificación da criatura humana é, non ten volta, o máis atroz problema para as entendedeiras de calquera:

Oxe ou mañán, ¿quén sabe cándo?
Pero quisáis moy logo,
Viránme despertar, y en vez d’un vivo,
Atoparán un morto.

E fixémonos que agora Rosalía non se entrega a disquisicións máis ou menos fondas sobre a anihilación da persoa. Non. O que ela leva a cabo é, sinxelamente, unha mostración: o contraste entre alguén que bulía e se comunicaba, en algo —o morto— que xa non é senon materia inanimada e derramable. ¿Por que? Pois porque o que ela fai é o que corresponde estrictamente ó seu estilo existencial: responder á invocación da realidade, reaccionar ó inentendible. E nada máis.

Por eso ela vai máis alá, como teño dito, da pura racionalidade. Ela albisca que algo hai por riba —ou por baixo— de todo razonamento. O que non se comprende, dá lugar a que nós mesmos non nos comprendamos. Cando se acada o límite da comprensibilidade, acádase, ó mesmo tempo, o límite das propias forzas reaccionais. O que ela chama atinadamente:

O fondo sin fondo d'o meu pensamento.

Todo esto, toda esta grave constelación de factores que asedian o espírito de Rosalía, ó non ter axuda posible, crea nela a experiencia dura e cruel da soedade. “O fondo sin fondo” dos que non atopan solucións na encrucillada da existencia, produce, irremisiblemente, un ser aillado, enquistado, desvalido, menesteroso. Só, en total soedade. E entón, ¿a qué agarrarse? ¿De qué táboa salvadora botar man? Da única posible: a do mundo da cotidianidade. A do vulgar e humilde. A do concreto, miúdo e sen nome que, por eso mesmo, aínda ten capacidade para darnos compañía sen pedir cousa algunha, sen despertar problemas insolubles. Das cousas que aí están, tranquilas na espera do seu futuro, como dicía Goethe que estaba a planta no peitoril da súa fiestra:

Y ó fin soya quedei, pero tan soya
Qu'hoxe, d'a mosca o inquieto revoar,
D'o ratiño o roer terco e constante,
E d'o lume o chis chás,
Cando d'a verde ponla
O fresco sugo devorando vai,
“Parece que me falan, qu'os entendo,
Que compañía me fan”;
Y este meu corazón lleš dí tembrando
¡Por Dios!... non vos vayás!

A búsola de Rosalía ten unha forma: o cotián. Eso é o que a salva, con salvación momentánea, da desesperación radical. Pero, con todo, ¿remata aí a congoxa metafísica da cantora? De ningún modo.

2.— *O odio*.— Xa sabemos, desde unha perspectiva meramente biográfica, que a vida non aforrou a Rosalía dores e angurias insistentes e destructoras. Pero o que a ela lle resultaba inaturable era a persistencia, o rescoldo das amargas experiencias no entramado da súa intimidade. Tódolos disgustos que se sucederon no seu percorrido vital, endexamais foron superados de todo. Endexamais foron esquecidos. ¿Quen o impedía? Sen dúbida, a memoria. Ou, para ser máis exactos: a selectiva gadoupada da memoria que unha e outra vez reproducía na alma do poeta a ofensa, a humillación e a falsidade dos demais:

¡Hay infernos n'a memoria
Cando n'os hay n'a conciencia!

Veño de califica-la memoria de Rosalía como selectiva. E, con efecto, velaí está, poderosa e fatal:

Pode acaba-lo amor, mais tí non acabas
 Memoria que recorda-las ofensas,
 Sí, sí, ¡de tí mal haya!

Esta é a memoria como destrucción. A que desfai, a que pode tronzar definitivamente a criatura humana. Jorge Guillén ten escrito esto tan lucidío: “El olvido, a su modo una limpieza”. Pero Rosalía, alma forte e resistente, soubo converte-lo inferno da recordación en obra maravillosa de aceptación e de superación de tódalas menesterosidades posibles. E non sen que antes estoupase, incontenible, irrefrenable, o grande canto rosaliano do odio universal:

Odiote campo fresco
 Cós teus verdes valados,
 Cós teus altos loureiros
 Y os teus camiños brancos
 Sembrados de violetas,
 Cubertos d’emparrados.
 Odiovos montes soaves
 Que o sol poniente aluma,
 Qu’en noites máis sereas
 Vín ó fulgor d’a lúa,
 Y ond’en mellores días
 Vaguey po-las alturas.
 E tí tamen, pequeno
 Río, cal n’outro hermoso
 Tamén aborrecido,
 Es antr’os meus recordos...
 ¡Por que vos amey tanto,
 e porque así vos odio!.

E este formidable odio remata por extenderse, fatal e inmisericorde, ás propias criaturas do seu máis aconchegado afecto:

¡Adiós! sombras queridas, ¡adiós! sombras odiadas.

Véxase como nin a morte salva da rilladura do odio a quen o leva na nódoa máis oculta da alma.

Como Bismarck, que en certa ocasión recibiu os seus colaboradores dicíndolles: “—Onte paseu toda a noite odiando”, así Rosalía, a nosa Rosalía, podería afirmar: “Onte, e antonte, e sempre, pasei gran parte da miña vida odiando. Odiando e ocultando—. A memoria non me deixou libre do odio” E, claro está, esto no só non quita grandeza á persoa da cantora, senón que lle engade fartura existencial, complexidade positiva. Porque dese odio, tan característico, naceu gran parte da obra, da imperecedeira obra rosaliana. Porque foi o seu, dalgún xeito, un odio creador, un odio transcendido, e na medida na que esto aconteceu, xa acadou para sí mesmo unha significación valiosa, quero dicir, fecunda.

3.— *A vivencia relixiosa*.— Intencionadamente falo aquí de vivencia. E de vivencia no sentido máis inmediato e cotián. De entrada, hai vivencia e só vivencia.

A vivencia é o de sempre en Rosalía. E como a experimentación do máis alá adoita ser ambivalente —cremos e non cremos— do mesmo xeito ha se-la reacción rosaliana cara o misterio de Deus.

Ante todo, aparece, outravolta, a incomprendibilidade fronte á desgracia do home. Fronte á inxusticia transcendente que non ten capacidade —ou eso nos parece a nós— para ser reparada desde instancias superiores á propia criatura humana:

O mal d'o inferno é fillo, o ben d'o ceo:
A disgracia, ¿de quen?
Loba que nunca
Farta se vé, que o seu furor redobra
D'a fonda ferida, á vista ensangrentada.
¿De dónde ven? ¿qué quer? ¿por qué a consintes
Potente Deus, que os nosos males miras?

E velaquí o cerne do drama. Deus “mira” os nosos males e, segundo parece, non fai nada para remedialos. Deus, cala. E xa estamos fronte ó problema, duro problema, do que se ven chamando “o silencio de Deus”. E do que Rosalía se amosa como precursora xenial. Pois non esquezamos que, no seu tempo, esta cuestión non ofrecía os esixentes perfiles que chegou a alcanzar na actualidade. Xa sei que hai outros antecedentes, pero eso non quita nada á tremecente anticipación rosaliana, e á firmeza tráxica da súa pregunta:

Fé, esperanza, virtudes.
Orixen d'as eternas beatitudes,
E que dende rexiós máis venturosas
Vindes calmar as amarguras nosas...
¿Dónd'estades, en dónde?
¿Cand'ó qu'en vos confía,
Soyo, en loita c'as ansias d'a agonía,
Orfo vos chama, e naide lle responde?.

E, en coincidencia con esta actitude, co que pode denominarse o enfrentamento á ausencia de Deus, temos no libro en castelán, “En las orillas del Sar”, esta reveladora reserva mental:

Si medito en tu eterna grandeza,
buen Dios, a quien nunca veo,

Con todo, a reserva axiña vai superarse ou, polo menos, amosar unha superficie de resignación esperanzada. E no mesmo poema aparece esto:

Mas si cuando el dolor y la duda
me atormentan, corro al templo,

.....

.....

espero

que allá donde Dios habita
he de proseguir viviendo.

Mais para conquistar esa conformidade tivo antes Rosalía que volverse nena, regresar á infancia, é dicir, afasta-los reparos da sensibilidade madurecida —e da intelixencia con forza analítica— para acadar capacidade de entrega incondicionada. E diante de Xesús crucificado, de xionllos exclama:

“y adivino tan dulces promesas
en sus dolores acerbos,
que cual niño que reposa
en el regazo materno,
después de llorar, tranquila
tras la expiación, espero
que allá donde Dios habita
he de proseguir viviendo.

Por eso antes falei de vivencia. Do xogo das vivencias, pode afirmarse agora. O misterio da transcendencia, que é insoluble, encamiña a Rosalía, polo vieiro do cotián. Exactamente a como acontecía coa outra mouramia, cómpre saber, coa da soedade radical da criatura humana. Sempre, unha e outra vez, a cantora busca refuxio no cotián. No rato que rilla as táboas do piso, na ponla que canta ó se queimar. E tamén, como non, na amizade de tódolos días. Na amizade fonda que non precisa de palabras para comunica-los segredos do corazón. E, neste intre, Rosalía dirá xenialmente:

Os pes de Virxe d'Soedade
¡De moitos anos nos conocemos!

Co cal, converte de súpeto á Virxe catedralicia na comadre confidencial e de bo consello. Estamos agora en presenza dunha familiaridade co numioso, co sagro radical, que é sumamente característica do trato crencial dos nosos paisáns. Rosalía, inclinada diante da Virxe, é unha paisana máis. Unha paisana sen reservas, sen dúbidas, sen posibles trasacordos. Unha muller entregada á transcendencia. ¿Entregada de todo? Velaquí unha cuestión ben difícil de aclarar. Na vivencia relixiosa da cantora hai, non ten volta, ambigüidade. Ou mellor aínda: ambivalencia. E de aí a grandeza, e a profundidade humana, radicalmente humana, de Rosalía. En último termo: a súa sobranceira autenticidade.

Outro *auténtico*, D. Miguel de Unamuno, afirmaba que “Creer en Dios es querer que haya Dios”. Crer en Deus —diría Rosalía— é necesitar que haxa Deus. Por unha banda, Rosalía denunciaba silencios e ausencias da divindade. Por outra, acollíase á fe da nenez. Metafísica e familiaridade andaron decote misturadas no espírito do poeta. A mistura resulta agora, ollada a longos anos de distancia, absolutamente actual, absolutamente contemporánea das nosas angueiras e das nosas aporías. En Rosalía houbo berro e houbo prega. Houbo protesta ergueita e houbo conformidade resignada. E de aí non pasou. Como, en rigor, non pasa ninguén. A experiencia relixiosa

acada o seu cumio no ir e vir da crenza e da dúbida. E, a traveso de tal inqueda, a alma rosaliana realízase. E, ó realizarse, axuda a que nós mesmos nos realicemos.

4.— *As ocultacións*.— Teño bautizado así, xa hai anos, a unha estraña e sutilísima sensación que esperta no lector dos poemas rosalianos a presenza de algo que aparece fuxidamente e, ó tempo que damos con ela, ela mesma esvaece e deixa en nós unha como vibración que vai máis alá do contido propio do poema. ¿En qué consiste esa incedente resoancia? ¿Acaso certa conciencia de culpabilidade? E se hai tal culpabilidade, ¿en que se apoia? ¿Será, por ventura, a sospeita dalgún conflito existencial que o poeta oculta, pero que, pola propia necesidade interna da vivencia, conforma todos e cada un dos versos lidos? Penso que endexamais daremos co santo e sinal destas enormes dificultades. Todo o que poidamos dicir, todo o que poidamos intuír, son a penas cousas sen sustancia propia, como o tremor informulado, a aprensión do que se non expresa. E xusto neso, nese apreixar o que non posúe corpo, estriba a anguria difusa da creación lírica de Rosalía. Son insinuacións. Aínda máis: nin tan sequera insinuacións. Son, para ser fideles á nosa emoción, sospeitas de sospeitas. Néboa entre a néboa. O que se escribe na auga, como o nome de Keats no seu proxectado epitafio. Con seguro rigor podemos afirmar que do que se trata é dunha presenza que está e que non está. Naturalmente que aquí, nesta leira rosaliana cada cal é libre de inxerir as súas propias opinións, os seus específicos e persoais xuicios. Pero, de tódolos xeitos, calquera man obra interpretadora non deixará de ser eso, unha interpretación. Algo opinable. E, na miña opinión, esvaece a delicadeza do que se sente. Pois estamos ante unha emoción que se vai sen ter estado. E máis, aínda, se sobre ela chantámo-lo peso das nosas racionalizacións.

Cando se acada tal estado reactivo, é que o creador do poema anda por alturas de acendrada e fonda transcendencia. Agora, a familiaridade deixa paso libre á espida consideración —se é que a isto se lle pode chamar consideración— da posta a punto do espírito con instancias que non caben no contido concreto dos versos. Así teñen operado os grandes poetas metafísicos. Así, Hölderlin. Así, Blake. E así, a nosa Rosalía. Vexamos, senón, o fermoso e incedente poema, “O toque d’alba”:

As tuas badaladas
Non sei que despertares me recordan.
Feron, algúns tan puros
Como o fulgor d’aurora,
Outros cal a esperanza
Qu’o enamorado soña,
Y a derradeira inquietos,
Mitá luz, mitá sombras,
Mitá un pracer sin nome,
E mitá unha sorpresa aterradora.

E neste apartado ten o seu posto preferente o increíble poema “Negra Sombra”. Non é preciso reproducilo pois está na memoria de todos nós. Interesa, en troques, suliña-la enorme cantidade de teorizacións ás que deu lugar. E xusto esa

fartura interpretativa xa nos fai ver, coa máxima nidieza, a enerxía ontolóxica dos versos. “Negra Sombra” é un poema universal. Eu mesmo, entre outros, teño sinalado a miña posición intelectual cabo del. Non vou, agora, cansa-la atención de vostedes reproducíndoa. Nin as dos demais, algunha delas de extraordinaria finura e alcance aclaratorio. Mais convén insistir que, sexa cal sexa a posición que se tome diante de “Negra Sombra”, sempre, sempre, nos ofrecerá un costado enigmático alleo ó que todos poidamos dicir. Pero o que me resulta indispensable afirmar é que nesa ocultación, nas múltiples ocultacións do poeta, é onde está a nódoa verdadeira da estrutura antropolóxica de Rosalía. Estructura antropolóxica que soamente albiscamos, pero na que non podemos afinca-lo coitelo analítico que poñía ó aire a súa entraña esencial. Na veladura das raiceiras existenciais de Rosalía é onde se nos amostra, con forza asoballante, a precursora modernidade da nosa Rosalía.

5.— *A radicalidade reaccional.*— Polo que coñecemos da vida de Rosalía, polo que nos teñen aleccionado algúns dos que a coñeceron —en especial a súa filla, D^a Gala— a cantora era un ser radicalmente alporizado. Ou mellor, aínda, unha criatura humana de súpetos e imprevisibles remangues existenciais. Esta extremosidade vivencial de Rosalía non arrinca tanto da esfera do sentimento —mesmo que este fose o seu ineludible horizonte— como da desesperanza tráxica diante da vida e os seus conflitos. A desesperanza rosaliana posúe, ó meu ver, tres graos. 1.— A constatación, quero dicir, a certificación da profunda tristura que deita do propio acontecer vital:

Trist’é o cantar que cantamos
¿Mais qué facer s’outro mellor non hay?

Despois, a espera. Situación anímica que é perfectamente compatible coa sospeita —e mesmo coa certeza— da inutilidade dese esperar incondicionado:

Mais n’en vano sellado está o libro
D’os grandes misterios...
Pasa a gloria, o poder e a alegría...
Todo pasa na terra. ¡Esperemos!

Como se ve, é unha espera incardinada no proceso da crenza. Mais se engadimos que esa crenza era en Rosalía fluctuante, o ¡Esperemos! cobra, de sutaque, unha matización que oscila entre a confianza e o escepticismo. É, pois, unha espera que, no mellor dos casos, sona a irónica. E, dese modo, a conducta expresada pola cantora empalma directamente coa amalgama de fe e de reserva —aínda nos intres— límite da existencia tan propia, e tan conmovedora, de todos nós, os galegos, de calquera de nós. En calquera, cómpre dicir, nos entendidos, e nos non entendidos. Nos sabedores, e nos non sabedores.

E por eso, por eso mesmo, os dous vectores sinalados, a constatación e a agarda, conflúen e rematan nun eido común. ¿Cal? O da morte. A morte que Rosalía contempla xa non como un esvaeceamento provisional encamiñado a futuras supervivencias. Non. Agora a morte, na Rosalía extremada, máis que a conversión no cadavre, é a conversión na nada. Coa morte encétase o reinado da nada. Da acabación defini-

tiva e para sempre. E así, para ela, para esta muller tan radicalizada, tan humanamente radicalizada, fronte a todo o que, dalgún modo, ten posibilidades de resisti-la gadoupada do tempo, non dispón máis que dun só recurso: o berro. Oíamos este bra-
do tremecente, o modernísimo, diante da Catedral de Santiago:

Y as pedras quedan... e cand'eu morra
Tí, catedral,
Tí, parda mole, pesada e triste,
Cand'eu non sea, t'inda serás

Esta vivencia da anihilación final como o ingreso na nada, vai repetila noutras sazóns. Intento dicir con esto que nos versos transcritos non se trata dunha xenial ocorrencia fortuita. Non. Trátase dunha constante valorativa que incide sempre no corazón atormentado da cantora:

Meses d'as tempestades,
Imaxen d'a delor,
Que afrixe as mocedades
Y as vidas corta en frol,
Chegade, atrás d'outono
Que as follas fai caer,
N'eles deixa que o sono
Eu durma d'o non ser.

O soño do non ser. Estamos diante da última consolación da alma rosaliana. Durmi-lo soño do non ser. O soño da nada. O soño da nada. Finalmente, o repouso na mouramia, na inconsciencia, na desfeita total e irreversible.

A radicalidade non pode chegar a máis. E nela se queda Rosalía. Tan e tan fondo ten furado o poeta no enigma da existencia, e tan disconforme se nos aparece, a traveso dos seus versos, que non resisto a tentación de reproducir un poema breve no que o poeta se laia da fugacidade da fermosura feminina. É este un tópico sumamente abundante na poesía de tódolos tempos. Desde Ronssard ata os líricos máis requintados do noso tempo, velaí que dispoñemos de creacións poéticas que son como dorosos testemuños dese derramar do proceso cronolóxico no milagre da beleza da muller. Nembargantes, coido eu que ninguén, en ningunha parte, ten expresado esa melancolía da harmoniosa feminidade, que é esencialmente transitoria, coa forza, coa enerxía, coa crudeza, e mesmo coa crueldade impresionante con que o ten dito Rosalía:

Morte negra, morte negra,
Cura de dores e enganós,
¿Por qué non matas as mozas,
Antes qu'as maten os anos?

¡Mata-las mozas antes que as maten os anos! Ou o que é o mesmo: remítilas ó non ser, á nada moura e sen sentido, para que o tempo, pola súa banda, non faga delas a caricatura tristeira do que, en tempos, foron.

Ata aquí, moi en esquema, e sen posibilidades de detallar e probar todo o que queda dito, o bulto humano da persoa creadora e ricaz que se chamou Rosalía de Castro. Un bulto humano que quedaría toco se deixasemos a un lado os vectores de tenrura e de ledicia que tamén bulían no seu espírito. O que acontece é que eses factores teñen sido salientados e estudados bastas veces, quizais aínda en demasía. Pero é conveniente deixar, cando menos, constancia deles. Aí quedan, patentes e ben sabidos duns e doutros. O que a min me importaba era poñer en evidencia o que a penas se menciona: a realidade fonda, amarguexa e radical da intimidade rosaliana.

Desde esa realidade o poeta fixo preguntas esenciais. Preguntas tremecentes, ategadas de anguria e de dureza. E, por eso mesmo, as preguntas seguen en pé. Velaquí están, cabo de nós, a facernos acenos de esixencia e de necesidade. Non son as únicas que unha criatura creadora pode facer. Moitas outras hai. Pero as dela, as da muller do rexo sentir, de odiadora consciente, e de arriscada aventura, son as básicas. E como se nos aparecen en toda a súa crudeza, cómpre dicir, porque son auténticas, permanecen sen resposta. Ese é o cerne mesmo da arte rosaliana: unha cantora que cando canta, berra, e cando berra, protesta.

E chego ó final desta miña disertación, pois non desexo esgota-la paciencia coa que vostedes teñen escoitado todo o que levo dito. A final de contas, eu desexaría que en todos quedase gravada unha imaxe non ñoña de Rosalía. Nin chorona, nin de loito. Ela, ela así como foi, cos seus medos, coas súas dores, coas súas dúbidas, co seu fondo sentir. E non esquezamos que tal como ela foi na vida, así somos, en maior ou menor cuantía, tódolos galegos: firmes e complexos.

Con todo, outra cousa cómpre suliñar, a saber, que nin a miña análise, nin ningunha que posteriormente poida chegar, ten capacidade para acada-lo pouso último de ningún poeta. Nin de ningunha criatura humana. Cada ser é un misterio e, por moitas voltas que lle demos, en misterio queda. E a propósito desto que afirmo, vénme á memoria unha especie de polémica —mais ben intercambio cordial de xuicios— entre E. Steiger e Heidegger en relación con un poema de Mörike. O poema titúlase, “A unha lámpada”. E nel hai un verso enigmático. Este: “Mais o que é fermoso, *brilla* tranquilo en sí mesmo”. E acontece que o verbo “brillar” (“scheint”, no poema) tamén significa “aparecer”. Dúas sobranceiras cabezas pelexaron, pois, polo posible sentido da frase. “¿Brillar?”, “¿aparecer?”. A min, particularmente, non acabaron de convencerme os argumentos de ningún dos dous eséxetas. Pero da liorta eu entresaco dous ensinós. Un, o da necesidade de insistir unha e outra vez na diseción crítica das obras dos poetas. Outro, o da esencial limitación das nosas pescudas intelectuais cando de poesía se trata.

E xa, por fin, remato. Dareime por moi satisfeito se de tódalas miñas palabras se obtén esta consecuencia: librémonos, no caso de Rosalía —e no dos demais creadores galegos— de caer no risco de dá-lo brillo pola presenza. Brillar, sempre brillou a nosa cantora. Que, endemais, se nos apareza na súa verdadeira, na súa ineluctible presenza, é o necesario.